

resultantes da súa degradación ou reacción, definido no artigo 2, punto 2, do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos sanitarios.»

2. No artigo 3. Elaboración e composición, engadirase o punto 6 seguinte:

«6. Os alimentos elaborados a base de cereais e os alimentos infantís non conterán residuos de praguicidas en niveis superiores ós 0,01 mg/kg de produto listo para o consumo ou reconstituído conforme as instrucións do fabricante.

Os ditos niveis aplicaranse ós alimentos elaborados a base de cereais e ós alimentos infantís listos para o consumo ou reconstituídos conforme as instrucións do fabricante.

Os métodos analíticos de determinación dos niveis de residuos de praguicidas serán métodos normalizados xeralmente aceptados.»

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos alimenticios ós que se refire este real decreto que non se axusten ó nel establecido, pero que cumpran o disposto na normativa vixente na data da súa entrada en vigor, poderán seguir comercializándose ata o 30 de xuño de 2002.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto neste real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e en virtude do disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 31 de xullo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

14592 REAL DECRETO 1446/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación. («BOE» 183, do 1-8-2000.)

O Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, que aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 96/4/CE, do 16 de febreiro, pola que se leva a cabo a modificación da Directiva 91/321/CEE, da Comisión, do 14 de maio.

Estes produtos non deben conter ningunha substancia en cantidade suficiente para poñer en perigo a saúde dos lactantes e nenos de curta idade, debendo determinarse canto antes os niveis máximos necesarios referentes a esas substancias.

Así mesmo, nos casos nos que as probas científicas pertinentes sexan insuficientes, o principio de precaución

permite adoptar provisionalmente medidas atendendo á información dispoñible, na espera dunha avaliación suplementaria do risco e dunha revisión da medida transcorrido un período de tempo razoable.

Ademais, tendo en conta que segundo os dictames do Comité Científico da Alimentación Humana no momento presente é dubidoso que os actuais valores da dose diaria admisible (DDA) sexan adecuados para a protección da saúde dos lactantes e nenos de curta idade e que as dúbidas expresadas se refiren, non só ós praguicidas e ós seus residuos, senón tamén ás substancias químicas perigosas, estase estudando a posibilidade de establecer, en breve, uns niveis máximos para os metais pesados nos alimentos destinados a este grupo de poboación.

No caso destes produtos, dado o colectivo ó que van destinados, procede establecer un límite común moi baixo para tódolos praguicidas, que equivale na práctica ó nivel detectable mínimo.

Con posterioridade, introducirase un anexo relativo ós praguicidas que non se utilizarán nos produtos agrícolas que van ser utilizados como materias primas para a elaboración dos produtos regulados por esta norma, co fin de fabricar produtos que non conteñan eses praguicidas concretos.

Por todo iso, a Comisión Europea adoptou a Directiva 99/50/CE, do 25 de maio, pola que se modifica a Directiva 91/321/CEE, relativa ós preparados para lactantes e preparados de continuación, que se incorpora ó noso ordenamento xurídico interno mediante esta disposición.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2000,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación.*

O Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, queda modificado nos seguintes termos:

1. No artigo 2 engadirase o punto 5 seguinte:

«5. “Residuos de praguicida”: O residuo contido nos preparados para lactantes e nos preparados de continuación procedente dun produto fitosanitario, incluídos os seus metabolitos e produtos resultantes da súa degradación ou reacción, definido no artigo 2, punto 2 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos sanitarios.»

2. No artigo 4, punto 2: Preparados para lactantes e preparados de continuación, engadirase o parágrafo f) seguinte:

«f) Os preparados para lactantes e os preparados de continuación non conterán residuos de praguicidas en niveis superiores ós 0,01 mg/Kg de produto listo para o consumo ou reconstituído conforme as instrucións do fabricante.

Os métodos analíticos de determinación dos niveis de residuos de praguicidas serán métodos normalizados xeralmente aceptados.»

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos alimenticios ós que se refire o presente real decreto que non se axusten ó nel establecido, pero que cumpran o disposto na normativa vixente con anterioridade á data da súa entrada en vigor, poderán ser comercializados ata o 30 de xuño de 2002.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto no presente real decreto dítase ó abeiro do establecido nos artigos 149.1.16.^a da Constitución e en virtude do disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 31 de xullo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

XEFATURA DO ESTADO

14917 *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e outras normas tributarias.* («BOE» 187, do 5-8-2000.)

Advertidas erratas no texto do Real decreto lei 2/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e outras normas tributarias, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número oito, do 22 de xullo de 2000, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 525, segunda columna, artigo 33, número 4, segunda liña, onde di: «... Canaria está vinculado...», debe dicir: «... Canaria estará vinculado...». E na cuarta liña, onde di: «... laboral. A súa elección,...», debe dicir: «... laboral. A súa selección...».

Na páxina 528, segunda columna, artigo 43, número 2, parágrafo b), sexta liña do cadro, onde di: «Menos dun 2,5 por 100...», debe dicir: «Menos dun 25 por 100...».

Na páxina 530, segunda columna, artigo 47, última liña, onde di: «... Zona Especial Canaria.», debe dicir: «... Zona Especial Canaria.».

Na páxina 532, segunda columna, artigo 67, número 3, última liña, onde di: «... fose declarada por...», debe dicir: «... fose declarado por...».

Na páxina 534, segunda columna, anexo, sétima liña, onde di: «... 17.4, 17.5 17.6,...», debe dicir: «... 17.4, 17.5, 17.6...».

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

15060 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.* («BOE» 189, do 8-8-2000.)

A sentenza do Tribunal Constitucional 195/1996, do 28 de novembro, establece que corresponde ó lexislador estatal a tarefa de reelabora-la Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, en prol do respecto e clarexamento da orde constitucional de competencias e en beneficio da seguranza xurídica, imprescindibles en materia sancionadora.

O lexislador, a través da disposición adicional primeira da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, autoriza o Goberno para elaborar, no prazo de nove meses desde a súa entrada en vigor, un texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, no cal se integren, debidamente regularizadas, clarexadas e sistematizadas, as distintas disposicións legais que enumera.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2000,

DISPONGO:

Artigo único.

Apróbase o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que se insire a seguir.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2001.

Dado en Palma de Mallorca o 4 de agosto de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JUAN CARLOS APARICIO PÉREZ

TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓN NA ORDE SOCIAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Infraccións na orde social.*

1. Constitúen infraccións administrativas na orde social as accións ou omisións dos distintos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas na presente lei e nas leis da orde social.

2. As infraccións non poderán ser obxecto de sanción sen instrucción previa do oportuno expediente, de conformidade co procedemento administrativo especial nesta materia, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que poidan concorrer.

3. As infraccións cualifícanse como leves, graves e moi graves en atención á natureza do deber infrinxido